

ACTA Nº 35/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 30 DE AGOSTO DE 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.

D. Arturo González Pérez.

D. Daniel Rodas Chapela

D. Víctor Pastoriza Lino

Dona Libertad Cruz Couso

Secretario Accidental D. José Rodríguez Veloso

Na casa do Concello de Moaña, a 30 de agosto de 2010, reúnen-se as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 13:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 13:10 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Non se traen actas para a súa aprobación.

2.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia das persoas interesadas que de seguido se relacionan e examinado o informe do técnico municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

2.A) EXPTE. 139/10 – D.ª EUGENIA ALONSO RODRÍGUEZ presenta proxecto básico e de execución de reparación e conservación de vivenda unifamiliar xa existente, situada en Riazón, 62, Quintela, redactado polo arquitecto D. Juan Fernández Rivas, visado o día 04.08.2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 30 de agosto de 2010, que literalmente di:

Asunto: Proxecto básico e de execución de reparación e conservación de vivenda unifamiliar

Informe: **Procede informar favorablemente o expediente.**

O proxecto Básico e de Execución de reparación e conservación de vivenda unifamiliar, está redactado polo Arquitecto D. Juan Fernández Rivas, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 04 de agosto de 2010. Presenta a seguinte documentación.

- Reportaxe fotográfico.
- Memoria descritiva.
- Memoria construtiva.
- Xustificación urbanística sobre o cumprimento do establecido nas NN.SS municipais.
- Xustificación do cumprimento da DB-HS. Evacuación de augas.
- Normativa de Obrigo cumprimento.
- Medicións e orzamento.
- Prego de condicións de edificación.
- Estudio básico de seguridade e saúde.
- Estudo de xestión de residuos.
- Documentación gráfica.
- Presenta cuestionario de estatística de construción de edificios.
- Presenta Oficio de Dirección de Obra asinado polo Arquitecto, D. Juan Fernández Rivas, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 04 de agosto de 2010.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	303,00 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €
Cartel	110,00 €

2.B) EXPTE. 144/10 – D. LUIS GONZÁLEZ RODRÍGUEZ presenta proxecto para reparación e conservación de cuberta unha vivenda unifamiliar xa existente na Baixada á Torneira, 37, O Cruceiro, Moaña, redactado polo estudo de Arquitectura y Urbanismo Morrazo, S.L.P., visado o día 20.08.2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 30 de agosto de 2010, que literalmente di:

Asunto: Proxecto de reparación e conservación de vivenda unifamiliar

Informe: **Procede informar favorablemente o expediente.**

O proxecto de reparación e conservación de vivenda unifamiliar, está redactado polo arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Ríos, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra 20 de agosto de 2010. Presenta a seguinte documentación:

Reportaxe fotográfico.

Memoria descritiva.

Memoria construtiva.

Xustificación urbanística sobre o cumprimento do establecido nas NN.SS municipais.

Xustificación do cumprimento da DB-HS. Evacuación de augas.

Normativa de obrigo cumprimento.

Medicións e presuposto.

Prego de condicións de edificación.

Plan de control de calidade.

Estudio básico de seguridade e saúde.

Estudo de xestión de residuos.

Documentación gráfica.

Presenta cuestionario de estatística de construción de edificios.

Presenta Oficio de Dirección de Obra asinado polo Arquitecto Técnico, D. Cristóbal Juncal Ríos, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 20 de agosto de 2010.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	76,04 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €
Cartel	110,00 €

3.- PECHES

Vistos os expedientes instruídos a instancia das persoas interesadas que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder as licenzas de peche, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

3.A) EXPTE. 146/10 – D. JOSÉ PÉREZ OTERO presenta croquis para a construción dun muro de cerramento a lindeiros e a vial público, a base de cimentación e postes de formigón con malla metálica no cerre a lindeiros, no vial a base de postes de pedra aserrada sobre unha cimentación de formigón e malla electrosoldada. Montarase un portal de 3,00 ml, sito no barrio da Ameixoadá. Peche a vial: 17,80 ml; orzamento: 1.611 euros.

Dáse conta do informe do arquitecto técnico municipal do día 30 de agosto de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: Cerramento a vía de titularidade provincial

INFORME: **Procede informar favorablemente o expediente.**
Documentación.

- Memoria descritiva.
- Presuposto e medicións.
- Documentación gráfica.
- Documentación fotográfica
- Autorización administrativa do Servizo de Vías e Obras da Deputación de Pontevedra.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	45,11 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €

3.B) EXPTE. 142/10 – D. JOSÉ MARTÍN DOCAMPO GARCÍA presenta memoria descritiva para un muro de cerramento a base de bloques prefabricados, de 10 m x 0,90 m de altura, con demolición previa do cerramento existente, situado en Calvar nº 78, Domaio, Moaña.

Dáse conta do informe do arquitecto técnico municipal do día 30 de agosto de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: Cerramento a lindantes

INFORME: **Procede informar favorablemente o expediente.**

Documentación.

- Memoria descriptiva.
- Presupuesto e medicións.
- Documentación gráfica.
- Documentación fotográfica
- Autorización administrativa do Servizo de Vías e Obras da Deputación de Pontevedra.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 49,00 €

Taxas licenza urbanística 65,00 €

4.- APROBACIÓN DE DEREITOS

Vista a proposta da Intervención de data 27 de agosto de 2010, que di:

Vistas as facturas emitidas por Telefónica de España, S.A., que de seguido se relacionan:

Número Factura	Data Factura	Importe
60B0RR000942	28 xaneiro 2010	- 300,54 €
60C0RR009166	28 marzo 2010	- 369,87 €
60D0RR007957	28 abril 2010	- 399,14 €
60E0RR005280	28 maio 2010	- 352,62 €
60F0RR007248	28 xuño 2010	- 371,82 €
60G0RR003385	28 xullo 2010	- 419,29 €

Tendo en conta que as mesmas concédeselle ao Concello de Moaña unha bonificación por axustes no consumo telefónica, nas contías sinaladas;

Proponse:

Que pola xunta de goberno local, se aprrobe un dereito, por axustes no consumo telefónico, concedidos por Telefónica de España, S.A. por un importe total de 2.213,28 euros, e polos períodos sinaladas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

5.- PROPOSTA DE GASTO

5.A) Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a proposta de gasto que se detalla a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEEDOR	PARTIDA	IMPORTE
CULTURA	Aluguer equipo son para Festival Folclórico de Verducedo	Jesús Jalda Vázquez	3340 22610 RC 1311	826,00 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2010 acreditado pola retención de crédito que se efectuou para este gasto,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar as Propostas de Gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na taboa.

5.B) Visto o orzamento do mes de agosto de 2010 presentado pola empresa Norprevención a petición do Concello, para a *Coordinación de seguridade e saúde para a Obra de Conservación e Reforma do Centro Cultural Rosalía de Castro en Domaio*, por un importe 610 euros/mes,

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2010 acreditado pola retención de crédito que para este gasto se efectuou na partida 3340-62201, RC 1315.

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda Primeiro: aprobar o orzamento, autorizando e comprometendo o gasto, por un importe de 2.440 € a favor da empresa NORPREVENCION, con cargo a partida 3340-62201 RC 1315, por 4 meses de coordinación da seguridade e saúde na obra “Conservación e reforma do centro cultural Rosalía de Castro en Domaio”,

Segundo: autorizar e comprometer o gasto, con cargo a orzamentos futuros, por un importe de 1.220 euros, imputándoo á partida 3340-62201, por dous meses de

coordinación de seguridade e saúde na obra “Conservación e reforma do centro cultural Rosalía de Castro en Domaio”.

5.C) PROPOSTA DE GASTO DERIVADO DE ARRENDAMENTO DE LOCAL DESTINADO A CLUBE DE XUBILADOS DA PARROQUIA DE MEIRA

Vista a proposta da Alcaldía de data 18 de agosto de 2010, que literalmente di como segue:

ASUNTO: Gastos derivados do contrato de arrendamento do local destinado a clube de xubilados da parroquia de Meira.

Conforme coa cláusula décimo segunda do contrato asinado, o Concello comprométese ao pago dos gastos de comunidade, enerxía eléctrica, de subministro de auga, recollida do lixo, etc..

O arrendador do local presenta, en concepto de consumo de enerxía eléctrica a seguinte factura:

GAS NATURAL, S.U.R. 01100712417354 (220610 a 210710) 142,60 euros.

Na súa consecuencia propoño: o recoñecemento da obriga a favor de **HERMANOS PIDRE COBAS.C.B.** por importe de 142,60 euros en concepto de gastos de consumo de enerxía eléctrica, con cargo a partida orzamentaria 2310 20200.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar o recoñecemento da obriga por importe de 142,60 euros a **HERMANOS PIDRE COBAS, C.B.** en concepto de consumo de enerxía eléctrica e auga con cargo a partida 2310 20200.

6.- MODIFICACIÓN DE CONTRATO DE OBRAS “REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE DOMAIO (MOAÑA)”.

En data de 31 de maio de 2010, a Xunta de Goberno adxudicou a realización da obra “Reforma do Campo de Fútbol de Domaio (Moaña)” á empresa CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRÁS S.L., polo prezo de CATROCENTOS SETE MIL OTOCENTOS SETENTA E NOVE EUROS E SESENTA E TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (407.879,39 euros). (351.620,16 euros + 56.259,23 euros de IVE), un prazo de execución de 6 meses, adscrición de traballadores á obra: Mínimo de dez traballadores, dos que nove serán de nova contratación, con contratos de seis meses de duración.

Figura no expediente reformado de Proxecto redactado polo redactor do proxecto inicial e director de obra de xullo de 2010. No orzamento do modificado recóllese a alteración do prezo do contrato inicialmente previsto, cun incremento de 118.702,74 euros, á marxe do importe do IVE, que pasa a aplicar un tipo do 18% co incremento correspondente.

Por acordo unánime da Xunta de Goberno do 16 de agosto de 2010, iniciouse o expediente de modificación de contrato da obra “Reforma do Campo de Fútbol de Domaio (Moaña)” e concedéuselle un prazo de tres días hábiles de audiencia ao contratista, CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRÁS, S.L., respecto da proposta de modificado da obra.

En data 23 de agosto de 2010, o contratista presenta escrito de conformidade coa modificación técnica do proxecto,

Visto o informe da Secretaría Municipal, de data 11 de agosto de 2010,

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto Modificado de Reforma do Campo de Fútbol de Domaio (Moaña)

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de modificación do contrato de obra “Reforma do Campo de Fútbol de Domaio (Moaña)”, con base nas circunstancias sinaladas na memoria do modificado do proxecto presentado: omisión nas medicións das zapatas, mellora do sistema de iluminación artificial que conleva novo tendido de cableado e adaptación do cadro xeral, recuperación da auga de rego para a súa reutilización a través dun depósito de captación e sistema de filtración, realización de novo cuarto de caldeiras e nova caldeira para vestiarios, traslado dun poste de tendido eléctrico, variacións nas instalacións da cantina e vestiarios, así como a necesidade de axustar o tipo impositivo do IVE ao 18%.

TERCEIRO.- Aprobar un gasto complementario por importe de 6.838,35 euros, autorizando e comprometendo o gasto con cargo á partida 3420.63201 do orzamento para o ano 2010, en concepto da aumento no prezo do proxecto inicial unha vez actualizado o ive ao 18%, descontándolle o importe xa certificado ao 16% de 11.254,85 euros.

CUARTO.- Aprobar un gasto complementario por importe de 140.069,23 euros (118.702,74 euros + 21.366,49 euros do IVE), autorizando e comprometendo o gasto con cargo á partida 3420.63201, polo modificado de Reforma do Campo de Fútbol de Domaio (Moaña),

QUINTO.- Que se notifique ao contratista para que concorra á formalización da modificación e que se lle requira para que presente, no prazo de 15 días, o documento que acredite ter constituído a garantía definitiva reaxustada á modificación, sumando un importe total a garantía, coa modificación incluída, de 23.516,14 euros.”

7.- CERTIFICACIÓN DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DOS PATIOS DOS COLEXIOS PÚBLICOS DO REAL, QUINTELA, ABELENDO E BERDUCEDO”

Dáse conta da certificación nº 2-liquidación da obra ACONDICIONAMENTO DOS PATIOS DOS COLEXIOS PUBLICOS DO REAL, QUINTELA, ABELENDO E BERDUCEDO, presentada pola Empresa PLYGEPE, S.L., asinada polo director de obra D. Jose Manuel Carballo Moldes así como da factura nº 10.089 de data 3/8/10, por importe de 45.389,11 euros IVE incluído.

Informa o Interventor Municipal que non consta a documentación esixida pola cláusula 33.5 do prego xustificativa da subcontratación, debendo incorporarse o expediente informe do técnico neste sentido.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda:

Primeiro: Levantar o reparo emitido polo Interventor Municipal toda vez que xa foi incorporado o informe técnico sobre a subcontratación.

Segundo: Aprobar a certificación nº 2 – liquidación de data 3/8/10, por importe de 45.389,11 euros da obra “Acondicionamento dos patios dos colexios públicos do Real, Quintela, Abelendo e Berducedo.

Terceiro: Aprobar a correspondente factura a nome da empresa adxudicataria PLYGEPE polo mesmo importe de 45.389,11 euros, recoñecendo a obriga con cargo a partida 3210.63203

8.- ANULACION ACORDO DE AUTORIZACION DO GASTO

8.A) Dado que o importe da factura presentada por Peycar Pontevedra S.L. de data 5/8/10 e superior o gasto comprometido, o concelleiro de Facenda propon:

Primeiro.- Anular o acordo da Xunta de Goberno Local do 27 de xullo de 2010 polo que se autoriza e compromete un gasto por importe de 263,14 euros con cargo a partida 1550 22104 do orzamento deste concello para o ano 2010, para compra de roupa de traballo persoal de servizos.

Segundo.- Rexistrar na contabilidade a anulación do compromiso e da autorización do gasto que se contabilizou con cargo a partida 1550 22104 repoñendo o crédito a situación de dispoñible.

Terceiro Notificar o presente acordo ao departamento de Intervención aos efectos oportunos

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar integramente a proposta.

8.B) Por acordo da Xunta de Goberno de data 29/6/10 autorizaouse un gasto de 1.450,00 euros a favor de CEN CANGAS, S.L.por montaxe, desmontaxe e mantemento do balizamento de areais no noso concello, con cargo a partida 1340 22703, o concelleiro Medio Ambiente e Mar manifesta que este servizo non vai ser prestado por esta empresa, esta mesma concellalia propon:

Primeiro.- Anular a autorización de compromiso de gasto acordado pola Xunta de Goberno Local do 29/6/10 na cantidade de 1.450 euos, repoñendo o crédito a situación de dispoñible..

Segundo.- Notificar o presente acordo ao departamento de Intervención aos efectos oportunos

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar integramente a proposta.

8.C) Por acordo da Xunta de Goberno de data 29/6/10 autorizaouse un gasto de 2.552,42 euros a favor de CEN CANGAS, S.L.por subministro de materiais para o balizamento de areais no noso concello, con cargo a partida 1720 62906, o concelleiro Medio Ambiente e Mar manifesta que este servizo non vai ser prestado por esta empresa, esta mesma concellalia propon:

Primeiro.- Anular a autorización de compromiso de gasto acordado pola Xunta de Goberno Local do 29/6/10 na cantidade de 2.554,42 euros, repoñendo o crédito a situación de dispoñible..

Segundo.- Notificar o presente acordo ao departamento de Intervención aos efectos oportunos

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar integramente a proposta.

8.D) A proposta da Intervención Municipal, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos membros asistentes, acorda anular o acordo adoptado en data 29/6/10 no que se comprometía un gasto de 527,80 euros a favor de Gasoleos do Lérez S.L. por suministro de gasoleo para o campo de fútbol e adoptar novo acordo comprometendo o gasto por importe de 534,60 euros todo elo con motivo do cambio do IVE do 16 o 18% e con cargo a mesma partida 3420 22103

9.- ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Visto o informe da traballadora social de data 30 de agosto de 2010 sobre modificacións no SAF, que di:

ALTAS

- *Belarmino González González: 40 h/mes.* Sen achega económica ningunha, con efectos dende o día 27 de agosto.,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta da traballadora social nos seus propios termos.

10.- VADOS

10. A) SOLICITUDE DE VADO DE D. EUGENIO PIÑEIRO COBAS

Con data 20 de agosto de 2010, D. EUGENIO PIÑEIRO COBAS, presenta instancia na que solicita un vado permanente na rúa Fragata Villa de Madrid, 11, para o que presenta o recibo de pago das taxas por un importe de 70,20 euros (46 € pasaxe, 9,20 € entrada e 15 € do sinal)

Visto o informe do inspector xefe da Policía Local do 25 de agosto de 2010, onde di que a entrada é dun ancho de 2,30 m, e que se trata dun soto de dúas plantas, nas que se van utilizar as prazas de garaxe, e a primeira, xa que a segunda planta a rampa de acceso necesita de obras e teñen solicitada a licenza, pero de momento non se pode utilizar esta planta.

Visto o informe do inspector de obras do día 26 de agosto de 2010 que indica que se encontra en zona urbana,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado por D. EUGENIO PIÑEIRO COBAS ROMAN, cunha entrada de 2,30 metros, polo cal presenta o recibo de taxas por un importe total de 70,20 € e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.

10.B) SOLICITUDE DE VADO DE D^a ANA MARÍA LAURA RODAL MORENO

Con data 17 de agosto de 2010, D.^a ANA MARÍA LAURA RODAL MORENO, presenta instancia na que solicita un vado permanente na rúa Miguel Enríquez, fronte a Talleres Numancia, para o que presenta o recibo de pago das taxas por un importe de 87,00 euros (60 € pasaxe, 12 € entrada e 15 € do sinal)

Visto o informe do xefe da Policía Local do 19 de agosto de 2010, onde di que no lugar hai un portal de garaxe de 3 m de ancho e que ten un rebaixe na beirarrúa de 4,50 metros; o garaxe é lóbrego e vai ser usado para gardar tres vehículos.

Visto o informe do inspector de obras do día 25 de agosto de 2010 que indica que se encontra en zona urbana,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado por D.^a ANA MARÍA LAURA RODAL MORENO, cunha entrada de 3 metros, polo cal presenta o recibo de taxas por un importe total de 87,00 € e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.

10.C) SOLICITUDE DE VADO DE D. BENIGNO PORTELA COSTA

Con data 16 de agosto de 2010, D.BENIGNO PORTELA COSTA, presenta instancia na que solicita un vado permanente na rúa Daniel Castelao, 52, para o que presenta o recibo de pago das taxas por un importe de 66,15 euros (38,75 € pasaxe, 12,40 € entrada e 15 € do sinal)

Visto o informe do xefe da Policía Local do 19 de agosto de 2010, onde di que no lugar hai un portal de garaxe de 3,10 m de ancho e que ten rebaixe na beirarrúa,

Visto o informe do inspector de obras do día 25 de agosto de 2010 que indica que se encontra en zona urbana,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado por D. BENIGNO PORTELA COSTA, cunha entrada de 3,10 metros, polo cal presenta o recibo de taxas por un importe total de 66,15 € e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.

11.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

11.A) Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas €	Informe favorable
MARÍA LOURDES LÓPEZ GONZÁLEZ	Seamento, uso doméstico	Reibón, 192	D ^{os} conexión san.....180,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
MANUEL BOUBETA CASAS	Saneamento, uso doméstico	Pombal, 2 B	D ^{os} conexión san.....180,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
SILVIA NÚÑEZ CASAS	Auga, uso doméstico	Ramón Cabanillas, 214 – 1º A	D ^{os} conexión60,00 € Fianza20,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
COMUNIDADE PROPIETARIOS AVE DO MAR, 7	Auga, uso doméstico	Ave do Mar, 7	D ^{os} conexión60,00 € Fianza20,00 €	Aqualia Arquitecto técnico

11.B) D. JOSÉ RÚA DEL RÍO, por escrito do 24 de setembro de 2009 e en contestación a un requirimento de Aqualia para acreditar que ten pagadas as taxas de conexión á rede de saneamento na rúa do Pico nº 64, presenta o recibo do IBI e fotocopia de recibo pagado do ORAL do ano 97 por importe de 4.500 pesetas en concepto de *Taxas e exaccións municipais 1997*, que demostra a súa inclusión naquela data no padrón municipal.

O arquitecto técnico municipal informa favorablemente a conexión o 06.10.09,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda constatar a alta no Padrón de saneamento a D. José Rúa del Río, uso doméstico, na rúa do Pico, 64; e, se non consta, que se dea de alta.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 14:25 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario accidental, DOU FE.